



CONCELLO DE PONTECESURES (PONTEVEDRA)

BANDO

M^a Teresa Tocino Barreiro, alcaldesa do Concello de Pontecesures

INFORMA:

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL - RESERVA PRAZAS CURSO 2024/2025

Informase que **o prazo de preinscrición dos/as novos/as alumnos/as** na Escola Infantil Municipal (Gardería) para a reserva de praza dos alumnos/as, e **a solicitude de reserva de praza para os xa matriculados e que teñan dereito a continuar no vindeiro curso escolar 2024/2025 abrirase no período do 1 ate o 15 de abril.**

A EIM ten un horario de apertura das 8 a 20 horas de luns a venres, onde se persoal proporciona aos nenos/as que acoden as atencións e coidados necesarios para promover o seu desenvolvemento harmónico e integral.

Conta co Servizo de Comedor, no que os nenos e nenas teñen ao seu dispor unha dieta equilibrada.

As solicitudes de reserva de praza para nenas e nenos que xa acoden á EIM presentaranse directamente na Escola Infantil Municipal.

As solicitudes de novas prazas para acceder á EIM entregaranse nas oficinas municipais do Concello de Pontecesures, tendo preferencia os/as domiciliados/as en Pontecesures.

Máis Información e **presentación de solicitudes de preinscrición para alumnos/as novos/as** poden dirixirse á **Oficina de Emprego** do Concello entre **as 8 ás 15 horas.**

En Pontecesures a 14 de marzo de 2024.

A ALCALDESA

Asdo.- M^a Teresa Tocino Barreiro.

(Asinado electronicamente na data sinalada ao marxe)

